



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/001574

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Suspensión temporal dos obxectivos de calidade acústica . Exte 2025/X999/000178)

ANTECEDENTES

1. Informe-proposta da Concellería de Cultura, de data 08/08/2025, motivando a suspensión dos obxectivos de calidade acústica en relación coa organización das Festas de San Roque que se celebran no mes de agosto.

2. Considérase a inexistencia de sectores do territorio con predominio de uso sanitario na contorna do recinto de celebración dos concertos.

De acordo co disposto no artigo 7 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, e no exercicio das competencias atribuídas por medio do artigo 21.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- suspender temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica de aplicación, nos seguintes horarios:

Área acústica	Franxa horaria	Calendario de suspensión	Horario diario de suspensión
Xardíns do paseo marítimo zona do edificio A Terraza	Tarde-noite	9 ao 17 de agosto 2025	-Tarde: 18:00 – 23:00h -Noite: 23:00 – 04:00h
Praza Irmáns Suárez Picallo	Tarde-noite	15 ao 18 de agosto 2025	-Tarde: 17:00 – 23:00h -Noite: 23:00 – 03:00h



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Segundo.- determinar como límite máximo de emisión aplicable durante o período de suspensión os 98 +/- 1 dB.

Terceiro.- determinar as seguintes medidas correctoras:

- a) Orientar as fontes de emisión sonoras cara a zonas libres de vivendas.
- b) Indicar ás diferentes empresas e formacións musicais implicadas a posibilidade de limitar o volume de emisión sonora para as diferentes actividades.
- c) Establecer un sistema de control acústico, consistente en medicións periódicas de control, tanto nas probas de son previas como durante a celebración das diferentes actividades, para aportar indicacións aos técnicos de sonorización e manter as emisións dentro do volume máximo establecido.
- d) Distribuír as atraccións de feira máis ruidosas nos espazos máis afastados das zonas residenciais.

Cuarto.- publicar esta resolución no taboleiro de anuncios municipal o seu coñecemento público.
